

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. Curso 2015-16

- Normativa: Orde do 25 de agosto de 2015 (DOG do 1 de setembro de 2015).
- Solicitude: Anexo I da citada Orde.
- Para alumnado de Educación Primaria, Eso ou Educación Especial.
- **Prazo de presentación de solicitudes: remata o 1 de outubro.**

Requisitos para acollerse a esta convocatoria:

- Ser pai/nai ou titor/a do alumnado matriculado en educación primaria ou educación especial durante o curso escolar 2015/2016.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ter unha renda per cápita familiar **igual ou inferior a 5.400 euros** . Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no artigo 8 da orde de convocatoria:
 - A situación persoal e familiar en **31 de decembro de 2013** e o **exercicio fiscal 2013 (igual que na axuda para libros de texto)**. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.
 - **Sumarán os recadros 366** (base impositiva xeral) e 374 (base impositiva do aforro) da declaración e **dividirase entre o número de membros da unidade familiar**.

A DOCUMENTACIÓN a achegar é a seguinte:

- a) Copia do DNI/NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta de forma telemática.
- b) Libro de familia no que figuren todos os membros computables.

Só no caso de non ter libro de familia ou este non reflecta a situación o día 31 de decembro de 2013, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

- ✓ Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
 - ✓ Certificado ou volante de convivencia.
 - ✓ Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) Grao de discapacidade. Achegarase o certificado acreditativo emitido polo órgano competente ou o documento acreditativo da condición de perceptor dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- d) Renda familiar. Achegarase copia da declaración do IRPF do ano 2013 ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante, cando non autoricen a consulta de forma telemática.

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

Ás solicitudes que cumpran os requisitos anteriores entregaráselles **un vale** (antes do 19 de outubro) para a adquisición do material escolar no correspondente establecemento ata o día 31 de outubro.

Contía da axuda: 50 euros